

Gotas de suor

Suar é unha das maneiras en que o corpo se desfai de certas substancias de refugallo, que chegan ao exterior a través das glándulas sudoríparas. É, ademais, un mecanismo espléndido de regulación da temperatura corporal. Por moito que nos moleste suar, non facelo podería chegar a ser moi prexudicial, mesmo mortal!

As aves teñen as glándulas sudoríparas debaixo das ás e nas partes do corpo libres de plumas. Entre os mamíferos, non son moitos os que súan. Boa parte deles, como a vaca e o can, loitan contra o aumento da temperatura cun sistema moi diferente: alentando a un ritmo acelerado e cun palmo de lingua fóra!

Se algunha vez pensaches que súas moito, intenta poñerte por un momento na pel dun cabalo. Estes animais chegan a perder de 10 a 15 litros de suor por hora mentres fan un exercicio moderado... e máis de 40 se é intenso!

Posiblemente, a «suor» máis estraña do reino animal é a do hipopótamo, dunha cor que vai do rosa suave ao vermello intenso. As lendas din que é porque súa sangue... Non o creas! Trátase, en realidade, dunha mestura de substancias que teñen, entre outras virtudes, a de protexelo do sol e das infeccións. E é que a natureza é sabia!



- 1 Busca no texto e copia. Para que serve suar?

- 2 Explica. Como regulan a temperatura corporal as persoas e os cans?

3 Escribe cada palabra da lectura onde corresponda.

glándula
prexudicial
refugallo
alentar
lenda

- _____ ▶ Absorber e expulsar o aire, respirar.
- _____ ▶ Órgano do corpo que produce substancias coma a suor.
- _____ ▶ Historia imaxinaria que se explica coma se fose real.
- _____ ▶ Que provoca un prexuízo, é dicir, un dano.
- _____ ▶ Cousa que non se aproveita, que se tira.

4 Marca só as afirmacións que sexan certas.

- Suar pode resultar prexudicial para a saúde.
- A suor chega ao exterior a través das glándulas sudoríparas.
- Os paxaros súan polas puntas das plumas.
- As vacas regulan a súa temperatura suando coma as persoas.
- Os cabalos poden suar ata 40 litros por hora se fan un exercicio intenso.



5 Volve ler o parágrafo do texto que fala sobre o hipopótamo e responde.

- Que contaban as lendas sobre a súa suor? _____
- Que é en realidade e que utilidade ten? _____

6 Arrodea a persoa que súa moito.



7 Reflexiona. Que cres que quere dicir a expresión *A natureza é sabia*?

LEMBRA

As palabras acentúanse graficamente atendendo aos seguintes criterios:

	Posición da sílaba tónica	Terminacións con que se acentúan
Agudas	Última	Vogal; vogal + s; vogal + n; vogal + ns
Graves	Penúltima	Consoante distinta de n ou s ou grupo consonántico distinto de ns
Esdrúxulas	Antepenúltima	Todas

- 1 Fixate no menú e copia as palabras que se piden.

MENÚ SAUDABLE

Válido todos os días da semana e fácil de elaborar

1.º prato

Arroz con verduras
Ensalada mixta
Puré de cabaciña

Sobremesas

Macedonia de froita
Xeado de iogur con chocolate
Pastel de dátil

2.º prato

Pescada con salsa de nécoras
Croquetas de xamón
Alcachofas con ameixas

Pan, auga mineral e café ou infusión incluídos.

PREZO: 7€

- Dúas palabras agudas con acento ▶ _____, _____
- Dúas palabras agudas sen acento ▶ _____, _____
- Dúas palabras graves con acento ▶ _____, _____
- Dúas palabras graves sen acento ▶ _____, _____
- Dúas palabras esdrúxulas ▶ _____, _____

SABER FACER PRESENTAR UN TEMA

1 Escribe un parágrafo para presentar o tema de cada texto. Primeiro, le o resto do texto e pensa nos seguintes aspectos, que che poden axudar a escribir o parágrafo introdutorio.

- De que trata o texto.
- A quen vai dirixido.
- Con que finalidade se escribiu.

Os viandantes na vía pública

- ✓ Camiña sempre pola beirarrúa ou pola beiravía e observa atentamente o que pasa ao teu arredor.
- ✓ Se non hai beiravías, procura camiñar pola túa esquerda e tan preto da beira como poidas.
- ✓ Respecta os sinais de tráfico e os semáforos.



A análise de sangue

Cunha agulla e cunha xiringa, extráese un pouco de sangue dunha vea do paciente e envíase a un laboratorio. Alí, o sangue sométese a varias probas que permiten saber, por exemplo, se a persoa ten algunha deficiencia relacionada coa nutrición ou algunha infección.

